

REFLEXIÓN SOBRE A MORTE

Que é a morte? Para os que non temos falecido, non é doado sabelo. Cientificamente, a morte é a parada do funcionamento dun órgano vital.

Para nós, os mozos e as mozas, a morte é algo que queda moi lonxe. Para as persoas maiores, non tanto. Algúns temen á morte, outros non. En realidade, non deberíamos pensar nela, porque é algo que a todos vai chegar. É un acontecemento esencial na vida.

Pero, por que temos medo se non sabemos o que pasa despois de falecer? Algúns estudos defenden a idea de que o noso cerebro lembra durante sete minutos os mellores momentos da nosa vida. Non é bonito pensar nos tempos nos que estiveches máis feliz? Dende que limos este estudo non temos medo a morte, pero lembramos a frase:

“Carpe diem”.

Andrea Campos Rodríguez, Lara Fernández Ramos, Andrés Gutiérrez Fernández
IES Lucus Augusti